

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 27 de xullo de 2011

Asistentes:

Aneiros Pereira, Jamie
Arias Martínez, M^a Antonia
Arjones Giráldez, David
Barreiro Carril, M^a Cruz
Bravo Bosch, M^a José
De Vicente Remesal, Javier
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Comesaña, Diego
Fernández Docampo, Belén
Fernández Vila, Rodrigo
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Mosquera, Marta
González Estévez, Alicia
González Pillado, M^a Esther
Grande Seara, Pablo
Guerrero Saco, Alejandro
Iglesias Trigo, David
Lizarralde Fernández, Alexander
López Prieto, M^a Nieves
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel Manuel
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, M^a Teresa
Martínez Yáñez, Nora
Mourín González, Teresa
Muleiro Parada, Luis
Núñez Martínez, Lucía
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Salgado André, Elena
Trigo Gómez, Pilar
Valcárcel Fernández, Patricia
Vázquez Escudero, Antonio José

Iníciase a reunión no Salón de Graos da Facultade sendo as 12.30 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informes da Decana
3. Designación, se procede, dos membros da Comisión paritaria para a elaboración do plan de estudos do Master de acceso á profesión de avogado ou, no seu caso, delegación en Comisión Permanente
4. Designación, se procede, dos membros da Comisión interfacultativa para a elaboración do plan de estudos do Master de acceso á profesión de procurador dos Tribunais, ou, no seu caso, delegación en Comisión Permanente
5. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións do centro
6. Aprobación, se procede, da modificación nas datas de exames das convocatorias de decembro e fin de carreira de 2011 da Diplomatura en Relacións Laborais
7. Aprobación, se procede, dos Tribunais de 5º, 6º e 7ª convocatoria e fin de carreira para o curso 2011/2012
8. Rogos e preguntas

Desculpan a súa asistencia: Magdalena Barahona; Almudena Bergareche; Pablo Menéndez, Noemi García Gestoso; Ángeles Seoane Prieto; Mónica Zas; Isaac Araújo; Gabriel Beiro Rodríguez; Adrián, De Castro Lorenzo; Beatriz Fernández Ignacio; Rocío Fernández Lixa.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informes da Decana

A Decana informa de que xa está aprobado definitivamente todo o relativo ao Curso complementario de Relacións Laborais e Recursos Humanos que se porá en marcha no vindeiro curso.

3. Designación, se procede, dos membros da Comisión paritaria para a elaboración do plan de estudos do Master de acceso á profesión de avogado ou, no

seu caso, delegación en Comisión Permanente

A Decana explica que os puntos tres e catro da orde do día en realidade poderían formar parte do apartado de informes, pero que se puxeron como puntos autónomos pois a convocatoria se enviou antes de que se mantivese unha reunión cos Colexios de Avogados de Ourense e Vigo e con membros do equipo decanal da Facultade de Dereito de Ourense que os afecta.

Por outra banda a Decana informa da reunión que mantivo co Reitor da Universidade quen lle trasladou o seu total apoio á posta en marcha destes Masters, e lle insistiu en que deberían articularse pola letra c) das posibilidades que prevé o Real Decreto 775/2011, de 3 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 34/2006. Trasládoulle que aínda que se fagan dous Masters na Universidade de acceso á profesión de avogado, o desexable é que a Universidade asine convenios específicos idénticos cos Colexios Oficiais implicados.

Explica que a reunión mantida cos Colexios de Avogados de Ourense e Vigo e con membros do equipo decanal da Facultade de Dereito de Ourense foi moi fluida, que se trataron cuestións non de contido, senón de organización e que agora ditas cuestións téñenas que ratificar as Xuntas de Goberno dos respectivos Colexios, o que acontecerá, previsiblemente esta semana. Por tal razón ata que non se teña esta conformidade non é posible seguir avanzando na elaboración de contidos e por iso tamén solicita a delegación na Comisión Permanente da composición da Comisión de elaboración dos contidos das titulacións, no entendido que na reunión mantida se falou de que debería ser unha Comisión áxil e formada por profesores de diversas materias que se impartirían no Master, quenes traballarían cos avogados especialistas nas respectivas materias de cada un dos Colexios.

Pide a palabra a profesora Esther González Pillado quen agradece a inclusión na orde do día deste punto sobre a base da petición que ela mesma fixo na anterior Xunta de Facultade. Engade que entende que na Comisión da que estamos a falar deberían estar representadas as áreas que van a ter un maior peso no Master, entre as cales está a área de Dereito Procesual, e que non ten inconveniente en que se delegue a composición definitiva da Comisión en Comisión Permanente se a Xunta de Facultade establece os criterios que deban seguirse para levala a cabo. Entende que estes criterios serían os habituais, isto é, que se fixen na Xunta de Facultade as áreas concretas que a conformarían, e que sexa cada área implicada a que autónomamente determine quen sexa o seu representante na Comisión.

A Decana confirma que esta era a idea que se manexaba, e apunta que nesta Comisión para acadar a axilidade requirida non poderían estar presentes todas as áreas de Dereito positivo.

Partindo dun documento que aportou o Colexio de Ourense, pódese ver que hai certas áreas que terán un peso relevante na proba de Estado que terán que superar os alumnos

que fagan o Master para acceder á avogacía: Procesual, Civil, Penal e parece que aínda que non se menciona expresamente, na denominación de Civil se está aludindo tamén a Mercantil.

Fáslase de acordar que estas áreas deberán estar presentes na Comisión e que a concreción do resto se faga por Comisión Permanente.

O Profesor Javier de Vicente intervén dicindo se pode xa nomear o representante que actuaría por Dereito Penal.

A Decana indica que a designación debería comunicarse ao Decanato unha vez determinadas as áreas correspondentes.

A Profesora Valcárcel apunta que se se toma como referente o documento aportado polo Colexio de Avogados de Ourense hai que ter en conta que tamén se mencionan expresamente as áreas de Dereito Laboral e Dereito Administrativo.

A Profesora Fernández Docampo explica que se Xunta concreta as áreas que estarán representadas na Comisión pode determinalas todas, que non entende por qué, entón, se mencionan algunhas e non outras. Engade que ademáis é lóxico a acotación de áreas que fai o documento en cuestión por canto parece seguir a existencia dos catro órdenes xurisdiccionais.

Acórdase por asentimento facer una priorización de áreas en dous bloques dacordo co peso que parece se lles asigna no documento. O primeiro bloque estaría integrado polas áreas de Dereito Procesual, Dereito Penal e Dereito Civil. O Segundo bloque estaría integrado polas áreas de Dereito Laboral, Dereito Administrativo e Dereito Mercantil. En terceiro lugar, a Comisión Permanente terá en conta as peticións que para estar na Comisión presenten outras áreas.

Acórdase por asentimento que concretadas todas as áreas, éstas serán as que desginen quen actúe representándoas na Comisión, comunicándoo ao Decanato. Deberán comunicar un representante principal e un suplente.

A Decana apunta que debería terse en conta que haxa representantes das áreas respectivas tanto por Vigo como por Ourense.

4. Designación, se procede, dos membros da Comisión interfacultativa para a elaboración do plan de estudos do Master de acceso á profesión de procurador dos Tribunais, ou, no seu caso, delegación en Comisión Permanente

A Decana explica que o Reitorado non deu aínda o visto bo para a realización do Master de acceso á profesión de procurador dos Tribunais, e que un dos aspectos que se teñen que resolver é cómo se tería en conta o traballo do profesorado, se computaría ou non en

POD. O problema é que este Máster seguramente non teña tanta demanda coma o de acceso á avogacía e sería máis difícil facer fronte ao custo que supón. Incluso se está a barallar a posibilidade de que sexa semipresencial. En todo caso, ata que o Reitorado non se pronuncie sobre estes aspectos, non se poden iniciar os contactos cos Colexios profesionais correspondentes, que xa se sabe que terán a máxima disposición para colaborar.

Apróbase por asentimento delegar en Comisión Permanente a composición da Comisión que elaborará o plan de estudos do Master de acceso á profesión de procurador, quedando claro que unha área que necesariamente ten que estar representada nesta Comisión é a de Dereito Procesual. En todo caso e como a profesora González Pillado non forma parte da Comisión Permanente será convocada a esta reunión con voz e sen voto.

Plantéxase o problema de cómo artellar o recoñecemento do traballo que suporá para o profesorado asumir a impartición deste Master. A Profesora González Pillado explica que é un tema que ten que estudar coa súa área. A Decana avanza que se reunirá coa Vicerreitora para ver qué recoñecemento é posible conseguir.

5. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións do centro

Apróbanse por asentimento todas as guías docentes dos Másters.

O Profesor Pablo Grande intervéñ para indicar que á marxe das guías docentes, quere advertir que na guía de titulación de Dereito aparece a indicación do curso académico 2009-2010 e que debería corrixirse pois pode dar lugar a error.

Pide a palabra o alumno Rodrigo Fernández Vila que quere indicar que atopou os seguintes defectos na páxina web da Facultade:

- a) No apartado de coordinación e mobilidade só aparece o nome de Regina Ibáñez, cando tamén é coordinador Luis Muleiro.
- b) No apartado de Titulacións impartidas no Centro, indica que no último párrafo faise referencia a un Master en Xestión Laboral que agora non se está impartindo pois está en suspenso. A Decana indica que non se debe quitar a referencia ao Máster pois segue existindo aínda que esté en suspenso.
- c) No apartado de “outra información”, aparece unha dirección web que non funciona.
- d) No apartado de Normativa e lexislación, tamén aparece unha dirección web que non funciona.
- e) Nas guías docentes hay un apartado en “outros comentarios” que alude a unha segunda convocatoria e esta referencia á segunda convocatoria pode inducir a error pois agora a

convocatoria é única.

f) Na guía docente de Dereito Penal I aparce reflectido que en xullo non se computará a nota acadada en avaliación continua cando hai un acordo de Xunta de Facultade no que se dí que se ten que ter en conta.

A Decana comenta que os defectos detectados se lle trasladarán ao encargado da páxina web. En relación ao tema da avaliación da guía de Dereito Penal quere indicar que logo da Xunta de Facultade no que se adoptou o acordo ao que se está a referir falou con algún profesor da área que lle puxo de manifesto que ese acordo, tal como está adoptado, dependendo dos criterios de avaliación que empreguen as áreas pode ser perxudicial para os alumnos. Na Comisión Permanente celebrada a semana pasada acordouse que se siga o criterio adoptado pola Xunta sempre e cando o sistema de avaliación empregado non perxudique ao alumnado. Polo que propón aprobar as guías tendo en conta este aspecto, é dicir, neste momento a Xunta pode alterar o seu acordo anterior para o caso das materias que teñan un sistema de avaliación distinto a aquel no que se estaba a pensar cando se adoptou o acordo.

A Decana propón que se aproben todas as guías das materias que establecen un sistema de avaliación distinto do que se estaba a pensar cando se adoptou o acordo da Xunta de Facultade e que se suxira aos profesores destas materias que permitan aos alumnos que fixeran avaliación continua optar por manter a nota de avaliación continua en xullo o u non.

A Xunta acorda por asentimento aprobar todas as guías. En concreto as que presenten sistemas de avaliación distintos aos que inicialmente se estaban a pensar ao adoptar o acordo anterior da Xunta de Facultade, apróbanse condicionadas a que se algún alumno quere manter a nota de avaliación continua poida facelo, sendo responsabilidade do alumno comunicar a súa opción ao profesor.

Apróbanse as guías do Grao en Dereito por asentimento.

Respecto das guías de Relacións Laborais, a profesora Fernández Docampo indica que hai dúas materias que non tiveron en conta os criterios que se tiñan que respetar.

Acórdase a aprobación das guías do Grao condicionado a corrección das dúas guías que presentan deficiencias.

6. Aprobación, se procede, da modificación nas datas de exames das convocatorias de decembro e fin de carreira de 2011 da Diplomatura en Relacións Laborais

A Decana explica a razón de ser deste punto da orde do día.

O Profesor Jaime Aneiros solicita o cambio da data do exame de Práctica Fiscal por coincidencia coa data doutro exame do que tamén é responsable e que xa estaba previamente fixada noutro centro. Acórdase pasar a data do exame da materia: Práctica Fiscal, do 28 de novembro ao 29 de novembro pola tarde.

Apróbanse por asentimento as modificacións incluíndose o cambio solicitado.

7. Aprobación, se procede, dos Tribunais de 5º, 6º e 7ª convocatoria e fin de carreira para o curso 2011/2012

Apróbanse por asentimento as propostas presentadas.

8. Rogos e preguntas

Pide a palabra o Alumno Rodrigo Fernández Vila para dicir que non aparecen reflexadas certas datas de exames na publicación feita do calendario. Indícaselle que estas incidencias deben facerse no Decanato para poder solucionarlas.

Non habendo máis rogos e preguntas levántase a reunión sendo as 15 h., do que dou fe como Secretaria.